

EXPOÑENDO :

Pasado un ano dende que se solicitara a retirada do vertido incontrolado existente entre a Besta e Lamagrande, na parroquia de Vilelos, comprobamos como lonxe de solucionarse, este vertedoiro ilegal medra ocupando a estrada.

Parece que dende o Concello deuse permiso para depositar alí plástico agrícola , mais dito permiso non é regulamentario , por canto non existe recinto pechado, nin unha sinalización de dito servizo. Ademais os materiais alí depositados son de todo tipo, predominando os cascallos de obra, colchóns e mobiliario vello.

Por todo elo a asociación

SOLICITA :

1. A limpeza e retirada deste vertedoiro ilegal como requisito medioambiental imprescindible, susceptible de ser comunicado ó SEPRONA.
2. Si realmente hai intención de crear un punto de depósito de plástico agrícola naquela zona, débese delimitar e vallar o recinto, sinalalo oportunamente e valeirallo periódicamente.
3. A creación dun Punto Limpo oficial no municipio, onde poda ser depositada dunha maneira clasificada e ordenada todo tipo de basura, para evitar a proliferación actual de pequenos vertedoiros polas distintas parroquias. O punto existente actualmente no mercado feiral non cumpre nin os requisitos de tamaño, nin de separación de materiais, e tan só está disponible unhas catro horas da mañá dos sábados.

Son tempos de respecto polo medio ambiente e de mellorar a calidade da vida na nosa sociedade rural, adaptándose ás necesidades esixidas polos distintos sectores de produción, polo que consideramos esta mínima infraestrutura como imprescindible para o desenvolvemento normal da vida no noso municipio. Non alimentemos a imaxe dunha sociedade incívica e abandonada.

Na procura dunha rápida actuación no senso de mellorar a limpeza do noso territorio, despédese atentamente a Presidenta da asociación.

Escairón a 7 de setembro do 2018.